

Hai quen sostén que en tempos de crise o público procura emocións fortes. Se se trata de espectadores de cine, a industria intúe esta situación, satisfacendo as expectativas do público. Entre finais de 2008 e ao longo de 2010 seis foron, polo menos, as películas de vampiros que chegaron ás salas: *Daybreakers*; *The Vampire's Assistant*; *30 Days of Night* e mais as tres da saga Crepúsculo: *Crepúsculo*, 2008; *Lúa Nova*, 2009; e *Eclipse*, 2010.

Os perpiñaos están alén da simple invención literaria. De feito, o mito dos vampiros, dos chuchadores de sangue, é un elemento da superstición en diversas culturas europeas. Coa eclosión da ciencia no século XVIII comezaron a ser documentados casos de hipotéticos regresados da morte. Na cultura popular de moitos pobos, estes non rematados de morrer volvían do Alén para arranxar contas pendentes. No fondo do relato latexaba o conflito entre unha cultura ancestral de raíñas pagás (que deixaba os mortos nun Alén indefinido: velai a tradición das Danzas da morte) e a doutrina cristiá que os colocaba no ceo, no purgatorio ou no inferno mais, en calquera caso, ao abeiro de Deus ou do Demo.

Co Romanticismo e a valorización que este fixo da cultura popular, estas tradicións pasaron a ser escritas e publicadas. G. A. Bürger, do movemento Sturm und Drang, fixo un poema, "Leonore", recollendo as lendas populares sobre vampiros.

Goethe tampouco foi alleo ás historias de regresados da morte e escribiu *A noiva de Corinto*. Mais foi coa novela gótica cando o vampirismo colleu forza dabondo para constituír un subxénero de seu dentro da literatura de terror. E o mesmo Byron foi causante involuntario da aparición da figura do vampiro na narrativa: estaba uns días de lecer en Suíza con diversos escritores e botou o reto de que cada un deles escribise unha historia de pantasmas (Mary Shelley escri-

biu a abse do futuro *Frankenstein*). O promotor retomou a temática vampírica e escribiu un conto que ficou inacabado. Un tempo despois foi retomado por J. W. Polidori para rematar *O vampiro*.

En Francia foi Charles Nodier o introdutor do tema e non foron alleos Théophile Gautier, Prosper Mérimée e Alexandre Dumas pai. O éxito de público chegou no Reino Unido coa publicación de *Varney o vampiro* en 1845, na cal xa se desenhouno o arquetipo do bebe-

A consagración literaria do mito tivo lugar en Irlanda

dor de sangue que asalta mozas. Unha moda que medrou con Eric Stenbock e Mary Elizabeth Braddon.

Mais a consagración do mito chegou de Irlanda. Desde o antecedente do *Melmoth* de Charles

Maturin, pasando pola *Camilla* de Joseph Sheridan Le Fanu (na cal aparece a temática do erotismo lésbico vencellado ao vampirismo) ata Sam Stoker, que colleu a figura histórica do nobre valaco Vlad Draculea, alcumado Tepes, para deseñar o personaxe do Conde Drácula. E co *Drácula* tamén apareceron os acompañantes do mito: o cazador de vampiros, as mulleres sedutoras, a metamorfose en morcegos.

Xa no século XX diversos autores cultivaron o

tema: H. P. Lovecraft, Stephen King, Anne Rice. Mais foi no cinema donde ficou fixada a imaxe do vampiro. Xa o inventor do cine fantástico, George Méliès rodou unha película antes da aparición da novela de Stoker. Tamén houbo películas de sedutoras vampiras. En Rusia rodouse a primeira versión da novela de Stoker, mais foi en Alemaña cando o mito do vampiro en cine colleu dimensión de arquetipo por primeira vez, co *Nosferatu* de F.W. Murnau, dentro dunha estética plenamente expresionista. Tamén en alemán, e xa con son, Fritz Lang rodou *M*, de inspiración vampírica.

Consolidado o cinema sonoro en Hollywood, a Universal contratou o húngaro Bela Lugosi para protagonizar *A marca do vampiro* á cal seguiron outras. O technicolor e a necesaria euforia posbélica despois de 1945 non daba moita marxe para o xénero. E foron os británicos os que colleron a remuda coa serie que produciu a Hammer, protagonizada por Christopher Lee e Peter Cushing nos anos 60.

Mais o xénero non estaba esgotado. Na década seguinte diversas películas (entre elas algunhas da Hammer e, entre nós, as de Jesús Franco) explotaron a dimensión erótica das vampiros. Porén algúns directores regresaron ás orixes. Velai o *Nosferatu* de Werner Herzog (con Klaus Kinski), Francis F. Coppola co seu *Drácula de Bram Stoker* ou *Entrevista co vampiro*, de Neil Jordan, con Tom Cruise coma Lestat nunha liña gótica.

Noites de Nosferatu

No retorno dos vampiros

JOAQUIM VENTURA



Vampiros e erotismo: unha tradición da literatura e o cinema.

Na retina colectiva, a imaxe cinematográfica do Conde Drácula é a que definiu Bela Lugosi: cute pálida, fatado de frac negro e camisa branca, capa negra con forro vermello, peiteado cara a atrás, ollos profundos, porte aristocrático e sedutor, mais sen cabeceiros. Estes apareceron na película mexicana *El Vampiro* (1957). A Hammer reproduciu este deseño nas películas que protagonizou Christopher Lee, clonando o arquetipo establecido por Hollywood, incluíndo xa os cañiños.

Bela Lugosi formou equipo cos actores

do xénero de terror contratados pola Universal: Lon Chaney e Boris Karloff. Porén, e a causa da súa adición á morfina, o personaxe ficou por riba do actor. No seu testamento deixou establecido que á súa morte fose vestido de Conde Drácula. E así foi incinerado cando morreu en Los Ángeles en 1956.

O outro Drácula inesquecible, o britá-

nico Christopher Lee, foi superado polo personaxe malia el. Contaba que estaba de viaxe por Italia e tivo un problema co automóbil que conducía. Era de noite e achegouse a unha casa, chamou e abriu a porta. A persoa que abrira ficou abraida e botou un berro: perante dela tiña, nin máis nin menos, que ao Conde Drácula en persoa.

Drácula transcendido

Mais na ficción cinematográfica a imaxe de superioridade do conde vampiro (se non hai allos, cruces ou espellos) foi invertida por Herzog cando dirixiu a Klaus Kinski en *Nosferatu* (1979). Daquela o non morto ten que abandonar a súa terra e emigrar. Durante a travesía entre Varna e Londres a peste viaxa con el. Porén, e en homenaxe que o director alemán fixo a Murnau, o vampiro é un desgraciado, maxinado de todos, capaz de despertar no espectador a petición de que alguén se deixe morder.